

**ORDENANZA FISCAL Núm. 23****REGULADORA DA TAXA POLAS ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.****Artigo 1: Concepto**

De conformidade co disposto no art. 20 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, este Concello establece a taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo de carga e descarga de mercadorías de calquera clase. Transportes especiais, que se ha rexer pola presente ordenanza.

**Artigo 2: Obrigados ó pagamento**

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias. Será suxeito pasivo substituto o propietario dos inmobles afectados.

Nas taxas establecidas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas, e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que dean acceso esas entradas de vehículos, os que poderán repercutir, de ser o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

**Artigo 3: Contía**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas das alíneas seguintes:

**Tarifa primeira:** Por cada entrada ó ano:

TARIFA		PREZO (€)
Almacéns por xunto ou fábricas		344,81
Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías		550,58
Establecemento de exposición e venda de vehículos automóbiles		141,27
Aparcadoiros industriais e particulares, ano	Por cada vehículo que consonte coa licenza obtida poida aparcar	14,18 (cun mínimo de 42,53€)
	Por cada guindastre industrial ou vehículo de máis de 5 metros de longo	45,67 (cun mínimo de 137,01€)
Talleres: Mecánicos e de servizo de reparación, pintura e lavados e outros semellantes		431,07
Actividades non reflectidas nas tarifas anteriores		103,83
Os pasos instalados nas rúas da Igrexa, Magdalena, Real, Galiano, Dolores, María e Sol terán un incremento sobre as contías citadas nos parágrafos precedentes do 25%.		

**Tarifa segunda:** Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo ó ano destinada ó acceso de inmobles:

Reservas permanentes	43,28
Reservas laborais	25,96
Reservas por obras	22,00
Permanent provisionais por cada metro lineal ou fracción de calzada correspondente a reserva, con carácter semestral	22,00

As reservas estarán sinalizadas coas placas que subministrará a Policía Municipal ó prezo do seu custo, sendo este de **13,29€**.

**Tarifa terceira:**

Reserva para taxi, por cada un	129,48
Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano por c/u	129,48

**Tarifa cuarta:** Reserva de espazo con carácter temporal:

Por metro lineal ou fracción de calzada	2,07 (cun mínimo de 12,40€ por reserva)
Esta tarifa será aplicable -igualmente- nas rúas peonís. A liquidación correspondente a esta tarifa requirirá informe favorable previo da Policía Local.	

**Tarifa quinta: Peche de rúa**

Tipo de peche	Euros /día	Duración máximo do peche	Hora adicional €/día
Corte total de circulación	162,24	5 h/día	37,52
Corte circulación nunha dirección	81,12	5 h/día	21,29
Corte circulación nun carril dunha vía de 2 direccións e 2 carrís	40,56	5 h/día	13,18
Corte circulación vía peonil (permitindo un pasillo de paso ós peóns	97,34	3 h/día	37,52
Para a aplicación destas tarifas será necesario o informe favorable previo da Policía Local e a sinalización dos cortes de tráfico coas correspondente medidas de seguridade será por conta da persoa interesada, sendo imprescindible tamén que os vehículos con que se pretendan realizar os cortes da circulación acomódense as limitacións das vías.			

**Artigo 4 : Normas de xestión**

1. As cantidades esixibles conforme á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.
3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaráselles ós interesados, e concederanse as autorizacións unha vez corrixidas as diferencias polos interesados.
4. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

**Artigo 5 : Obrigación de pagamento**

As liquidacións correspondentes as tarifas cuarta e quinta -en todo caso- e as tarifas primeira, segunda e terceira - en caso de altas ou baixas- quedan suxeitas ao réxime da autoliquidacións asistidas.

As concesións de aproveitamentos xa autorizados, unha vez notificada a correspondente alta xestionarase polo sistema de padrón.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.